



Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
[concello@ponteceso.gal](mailto:concello@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

## BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 28 DE NOVEMBRO DE 2022

Sendo ás 20:00 horas do día 28 de novembro de 2022, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Xosé Lois García Carballido, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

### ASISTENTES:

#### SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. Xosé Lois García Carballido

#### SRES.CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

##### Polo PSdeG-PSOE:

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Noelia Varela Suárez

D<sup>a</sup> María Teresa Chouciño Calvete

##### Polo Partido Popular, PP:

D<sup>a</sup>. Marta María Carrillo Aguiar

##### Por APIN-SON Ponteceso:

D. José Manuel Pose Verdes

D. Marco Antonio Varela Vidal

##### Concelleiros/as non adscritos/as

D. Faustino Santiago Lema

D. Miguel Ángel González Gómez

D. Salvador Eiroa Ameijenda

D<sup>a</sup>. Raquel Fondo Pérez

D<sup>a</sup>. Ana Pérez Imia

D. Jesús Daniel García Cotelo

#### SRES.CONCELLEIROS/AS AUSENTES:

D<sup>a</sup>. Ana María Vecino Santiago

**SECRETARIA:** D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. CRISTINA VARELA GARCÍA, secretaria-interventora do Concello de Xermade, en réxime de acumulación de funcións na Secretaría do Concello de Ponteceso

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión.

Excusa a ausencia da Sra. Interventora por motivos de saúde, agarda que se recupere pronto, e tamén da concelleira do PP Ana, que lle acaban de dicir que non pode vir.

A continuación procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican de seguido.

## PARTE RESOLUTIVA

### **1º. Aprobación “ope legis” das actas das sesións anteriores, correspondente á sesión ordinaria do 26-09-2022 e extraordinaria e urxente do 27-10-2022.**

O Sr. Alcalde presunta se algún membro da Corporación quere realizar algunha observación.

A Sra. Fondo Pérez pregunta porque deste pleno non recibiu toda a documentación, chegoulle a convocatoria e pouco máis.

A secretaria responde que ten que ter a mesma documentación que o resto de corporativos.

O Sr. Santiago Lema di que el tampouco ten todo, non ten as resolucións, nin no correo electrónico nin no whatsapp.

O alcalde lembra que dende a convocatoria teñen o expediente completo na Secretaría e poden vir consultala.

A secretaria di que preguntará que aconteceu, pero deberían ter todos toda a documentación.

O Sr. Pose Verdes di que lle chegou pero cousas moi dispareas: as actas de todo o ano, unha mestura... sempre pasan cousas moi raras co We Transfer. Non cre que sexa tan difícil envialo doutro xeito sen que desapareza.

A secretaria aclara que o envío por We Transfer obedece ao peso dos arquivos, que non permite envialos por correo electrónico.

A Sra. Fondo Pérez di que sempre lle chegou a documentación, por eso pensou que non había nada máis.

A secretaria sinala que a documentación non é moita desta vez: actas e dación de conta.

O alcalde reitera que teñen a documentación na Casa Consistorial en caso de que queiran vir consultala e a obriga é poñela a disposición, non enviala por correo electrónico, dende que se convoca o pleno.

A secretaria pide desculpas polas molestias e prega que cando detecten algunha incidencia, que avisen no concello para solucionalo.

O Sr. Santiago Lema dille que saben todo eso pero pregunta porque desta vez non se lles mandou.

O alcalde pregunta se alguén ten algunha observación máis.

A Sra. Carrillo Aguiar sinala que lle gustaría que aparecese na acta do 27 de outubro o que dixo cando comezou a falar: *“As decisións que toman ela e a súa compañeira son sempre consensuadas, primando sempre o mellor para a veciñanza, sen intereses persoais”*.

A secretaria pregunta se eso non figura na acta.

A voceira do PP responde que ela non o viu.

Tendo en conta a observación indicada pola Sra. Carrillo Aguiar á acta da sesión do 27 de outubro de 2022, quedan aprobadas actas da sesión ordinaria do 26 de setembro e extraordinaria do 27 de outubro de 2022.

## PARTE DE CONTROL

### 2º. Dación de conta das resolucións da Alcaldía, dende a n.º 683/2022 á 947/2022.

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta ós concelleiros das Resolucións da Alcaldía dende n.º 683/2022 á 947/2022, que estiveron a disposición dos concelleiros dende a data de convocatoria do pleno.

O Sr. García Cotelo sinala que faltan as resolucións 786, 865, 868, 876 e 894 e pide que llas fagan chegar.

A secretaria di que sen problema.

O Sr. Pose Verdes di que o arquivo estaba danado.

O alcalde pregunta que se fai neste caso.

A secretaria sinala que, á vista desta problemática, se TEdC dá a opción de ter acceso aos corporativos a través da sede, facelo así, pero obviamente este cambio habería que facelo non xusto antes dun pleno, senón con outro expediente. O acceso sería con DNI electrónico ou certificado dixital. Non ten inconveniente en pasarlles o manual, facer a proba ou incluso unha reunión para explicalo, de feito é a forma correcta.

O Sr. García Cotelo pregunta se é preciso o DNI electrónico.

A secretaria asente.

A Sra. Carrillo Aguiar pregunta se pode ser pola tarde.

A secretaria di que sen problema.

O Sr. García Cotelo pregunta que pasa co punto 3.

A secretaria di que o punto 3 é dar conta, vailles enviar as que faltan e punto.

A Sra. Carrillo Aguiar pregunta se non poden debater este punto.

A secretaria aclara que neste punto dáse conta, pódese facer algunha pregunta neste punto ou no de rogos e preguntas, pero non hai debate.

O Pleno dáse por enterado.

### 3º. Dar conta da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia núm. 299/2022, ditada no s autos do recurso de apelación 7084/2022 seguidos contra a sentenza do 21 de marzo de 2022 do Xulgado Contencioso Administrativo n.º 3 no P.O. 123/2021.

Consta sentenza núm. 299/2022, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditada en apelación no P.O. 123/2021, cuxo fallo sinala:

*“Desestimar el recurso de apelación interpuesto por el Ayuntamiento de Ponteceso contra la sentencia de 21 de marzo de 2022 dictada por el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo 3 de La Coruña en el procedimiento ordinario 123/2021.”*

O Xulgado Contencioso Administrativo n.º 3 fallou:

*“Se estima parcialmente el recurso contencioso administrativo interpuesto por la Procuradora Dña. Eva MaríaTomé Sieira, en nombre y representación de D. Xosé Lois García Carballido, Dña. Noelia Varela Suárez y Dña. María Teresa Chouciño Calvete frente a la Resolución del Pleno del Ayuntamiento de Ponteceso de fecha 29 de marzo de 2021.*

*Se declaran nulos de pleno derecho los siguientes acuerdos:*

*1º.- Puesta a disposición del Grupo Popular y a los Concelleiros no adscritos de un despacho adecuado en el Ayuntamiento de Ponteceso.*

*2º.- La derogación del Reglamento Orgánico Municipal. No se realiza especial pronunciamiento sobre las costas.”*

A Sra. Carrillo Aguiar di que ella e a súa compañeira queren deixar constancia que ningunha das dúas asinaron nada para recorrer nada, fíxose a través do voceiro que estaba antes.

O Pleno dáse por enterado.

O Sr. Santiago Lema pensa que esto non quedou claro: aprobáronse unhas mocións e o grupo de goberno denunciou ao pleno e houbo que defenderse, supón que as costas van pagalas eles, non os veciños.

O alcalde dille que esto é unha dación de conta, recoméndalle que primeiro lea a sentenza e despois fale.

O concelleiro non adscrito dille que xa está lida.

#### **4º. Mocións**

##### **4.1. Moción de José Daniel García Cotelo sobre o recurso de casación en contra da inclusión do conxunto da Fonte- Lavadoiro de Canasteves no Catálogo de Patrimonio de Galicia**

O Sr. García Cotelo presentou unha moción en data 26-11-2022 con rexistro n.º 202299900002163 que se transcribe integramente:

**“MOCIÓN NON EXECUTIVA DE URXENCIA para presentar ó PLENO do día 28/11/2022**

*MOCIÓN que presenta o concellero Don Jesús Daniel García Cotelo , na condición de non adscrito, ó Pleno do Concello de Ponteceso para o seu debate e aprobación se procede, de acordo á seguinte*

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O Concello de Ponteceso (xunto coa Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e un grupo de veciños) está persoado como parte codemandada no Recurso - Contencioso (P. O. 4031/2021), tendo encomendada a representación e defensa xudicial á Asesoría Xurídica da Deputación Provincial da Coruña.*

*Dito Recurso - Contencioso foi planteado en contra da inclusión do conxunto da Fonte-Lavadoiro de Canasteves no Catálogo de Patrimonio de Galicia.*

*A Sentenza ditada, en xuño do 2022, ratifica a decisión de Patrimonio por tratarse de bens comunais con valor etnolóxico e que pola súa antigüidade de máis de 100 anos son de carácter histórico.*

*Raras veces se pronunciou o Concello, en ningún sentido respecto a nada que tivese que ver coa Fonte-Lavadoiro de Canasteves, por iso é de destacar o sinalado polo Concello no escrito de contestación á Demanda; así:*

*Na páxina 6 e respecto dos bens de dominio público ou comunais dí: " ... pese a los intentos de protección de los patrimonios de las Administraciones Públicas, los particulares han continuado apropiándose de bienes de titularidad pública, lo que da la impresión ocurre en el presente caso ."*

*Así mesmo na páxina 7 e respecto da presunción de veracidade dos informes emitidos polos funcionarios públicos dí: "En definitiva, los informes emitidos en el expediente administrativo justifican de forma sobrada la existencia del valor cultural que se pretende proteger, especialmente a la vista de las diferentes actuaciones desarrolladas por el aquí recurrente con el fin de hacer desaparecer el bien que nos ocupa"*

*O Concello, como titular de ditos bens, ten a obriga legal dunha protección e conservación adecuada para evitala súa destrucción ou deterioro e, a inclusión e permanencia no Catálogo de patrimonio engade un plus de protección aparte da que poida exercer o propio Concello.*

*Contra a anterior Sentenza, que ratifica a inclusión do conxunto no Catálogo de Patrimonio, o demandante ten planteado un Recurso de Casación Contencioso - Administrativo, estando actualmente na **fase de comparecencia** das partes ante a Sala Terceira do Tribunal Supremo, **acabando o prazo de comparecencia a mediados de decembro.***

## **MOCIÓN**

*Por todo o anterior, preséntanse para debate e aprobación en Pleno os seguintes acordos:*

*1º. En coherencia co admitido polo Concello -expresado no punto C da EXPOSICIÓN DE MOTIVOS - Instar á Alcaldía, ou a quen proceda, que ordene a comparecencia diante do Tribunal Supremo e, de acordo ó art. 89.6 da L.J.C.A., que se opoña á admisión a trámite do Recurso de Casación.*

*2º. Instar á Alcaldía, ou a quen proceda, que se ordene a oposición a dito Recurso de Casación, en caso que finalmente sexa admitido a trámite polo Tribunal Supremo.*

*3º. Instar á Alcaldía, ou a quen proceda, que se dé notificación dos anteriores acordos á Asesoría Xurídica da Deputación e en especial ós letrados personados no Procedemento.*

*En Ponteceso, a 23 de Novembro de 2022*

*Asinado Jesús Daniel García Cotelo"*

*A secretaria considera que encaixa no concepto de moción non resolutiva, que pode tratarse na parte de control e fiscalización, polo tanto non existe impedimento legal para votar a urxencia e debatila.*

En primeiro lugar, sométese a votación a urxencia, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (1 G.M. do PP, 2 G.M. APIN e 6 non adscritos)

Abstencións: tres (3 do G.M. PsdeG-PSOE)

Votos en contra: ningún

Obtéñese a maioría absoluta esixida no artigo 83 en relación co artigo 91.4 do RD 2568/1986, polo que se ratifica a urxencia da moción.

O Sr. García Cotelo di que esto leva tempo e que se insta ao concello a que siga loitando polo patrimonio da veciñanza e non desista e continúe co recurso de casación.

O alcalde explica que o goberno non está actuando a favor nin en contra de ningún dos demandantes. Defende o interese público e seguirá nesa liña. Igual que se aceptou a inclusión no catálogo, cando haxa resolución xudicial vaíse aceptar e actuarase en consecuencia. Este acordo váiselle mandar á asesoría xurídica da Deputación. As fontes son de acceso público e a única auga potable que garante o concello é a municipal.

O Sr. Santiago Lema di que non lle cadra o discurso de que o concello ten que defender o patrimonio dos veciños e que o goberno se absteña na moción.

O alcalde di que entre pugnas entre particulares non van meterse. Aceptarán a resolución da Xunta.

O Sr. García Cotelo considera que o alcalde está dicindo algo incongruente porque o goberno xa lle dixo aos letrados da Deputación que se personasen. Terá que dicirlles agora que sigan co recurso de casación, que ao concello non lle custa nada. Terá que votar a favor desta moción.

O alcalde di que a Deputación personouse para defender os intereses públicos, pero non van engadir nada en favor nin en contra de ningunha das partes.

Sométese a votación a moción, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: oito (2 G.M. APIN e 6 non adscritos)

Abstencións: catro (3 do G.M. PsdeG-PSOE e 1 do G.M. PP)

Votos en contra: ningún

Queda aprobada a moción.

#### **4.2. Moción de José Daniel García Cotelo sobre inventario de bens**

O Sr. García Cotelo presentou unha moción en data 26-11-2022 con rexistro n.º 202299900002163 que se transcribe integramente:

*"MOCIÓN NON EXECUTIVA DE URXENCIA para presentar ó PLENO do día 28/11/2022*

*MOCIÓN que presenta/an os concelleiros Dona/Don JESUS DANIEL GARCIA COTELO, na condición de non adscrito, ó Pleno do Concello de Ponteceso para o seu debate e aprobación se procede, de acordo á seguinte,*

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (Reglamento de Bens das Entidades Locais) establece entre outros:

*Que as Corporacións locais están obrigadas a formar inventario de todos os seus bens e dereitos.*

*Que a rectificación do inventario verificarase de xeito anual.*

*Que o Pleno da Corporación é o órgano competente para acordar a aprobación inicial do inventario e as sucesivas rectificacións.*

*O Inventario actual de Bens e Dereitos do Concello de Ponteceso formouse en marzo do 2014 e está sen actualizar dende entón.*

*Non debería ser necesario insistir na conveniencia de ter un Inventario actualizado; así evitaríanse casos coma o do "famoso" quiosco que había na Praza do Recheo: que acabou "esfumado" a pesares de custarlle casi 29 000 € as arcas do Concello.*

*En febreiro do 2019 o Concello adxudicou un contrato de 18 000€, e duración de 5 meses, para a Rectificación do Inventario de Bens e Dereitos; sendo EPTISA a empresa adxudicataria.*

*En decembro do 2021, por Resolución de Alcaldía e levantando os reparos suspensivos de Intervención, foron abonados os 18 000€ do antedito contrato, enténdese con iso que os traballos están rematados por parte da empresa adxudicataria do contrato.*

*Dado que a día de hoxe o Inventario de Bens segue sen actualizarse, pódese intuír que o contrato foi un sinsentido, que o traballo de EPTISA foi en balde, e que outros 18 000€ se esfumaron das arcas do Concello sin contrapartida algunha.*

## MOCIÓN

*Polo anterior, preséntanse para debate e aprobación en Pleno o seguinte acordo:*

*Instar á Alcaldía para que, con urxencia e de acordo ó R. D. 1372/1986, convoque un Pleno para que se poida continuar (e aprobar definitivamente si é o caso) coa Rectificación e actualización do Inventario de Bens e Dereitos do Concello.*

*En Ponteceso, a 23 de Novembro de 2022*

*Asinado Jesus Daniel Garcia Cotelo"*

*En primeiro lugar, sométese a votación a urxencia, acadando o seguinte resultado:*

*Votos a favor: nove (1 G.M. do PP, 2 G.M. APIN e 6 non adscritos)*

*Abstencións: tres (3 do G.M. PsdeG-PSOE)*

*Votos en contra: ningún*

Obténse a maioría absoluta esixida no artigo 83 en relación co artigo 91.4 do RD 2568/1986, polo que se ratifica a urxencia da moción.

O Sr. García Cotelo di que se gastaron 18.000 euros haberá que traelo a pleno e aprobalo. Se non está ben feito hai que arranxalo. O máis indicado é instar á Alcaldía a traelo a pleno. Se empeza unha cousa terá que rematala.

O alcalde di que este é un expediente máis dos que ten que levar a pleno, que ten un traballo complexo, tamén coa Deputación. Foi a empresa que elaborou os inventarios para os concellos. Non se opoñen a que se tramite pero vai ralentizar outros expedientes. O goberno vaise abster. Desde que se entregou ese traballo, as tarefas de actualización continuaron.

O Sr. García Cotelo di que dende 2014 non pode escudarse no tempo. Foi o alcalde quen o priorizou e deberá darlle para adiante, non deixalo nun caixón.

O alcalde reitera que non se vai opoñer pero é certo que estivera parado dende 2014. O que fixo o goberno foi contratar a unha empresa para actualizar o inventario. Dende que se aprobou o último no 2014 ata o ano 2019 estivo parado, pero despois non.

Sométese a votación a moción, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (2 G.M. do PP, 1 G.M. APIN e 6 non adscritos)

Votos en contra: ningún

Abstencións: tres (3 do G.M. PsdeG-PSOE)

Queda aprobada a moción.

#### **4.3. Moción de Miguel Ángel González Gómez sobre a obra “Mellora dos accesos ao parque empresarial de Tella (fase 2)”**

O Sr. García Cotelo presentou unha moción en data 27-11-2022 con rexistro n.º 202299900002165, en representación de D. Miguel Ángel González Gómez, que se transcribe integramente:

#### **MOCIÓN NON EXECUTIVA DE URXENCIA para presentar ó PLENO do día 28/11/2022**

***MOCIÓN que presenta o concelleiro Miguel Angel González Gómez, DNI 79 322 019 X, na condición de non adscrito, ó Pleno do Concello de Ponteceso para o seu debate e aprobación se procede, de acordo á seguinte***

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

***O pasado día 8 de novembro, Resolución 900/2022 - ASUNTO: DELEGACIÓN ESPECÍFICA DA COMPROBACIÓN MATERIAL DO INVESTIMENTO DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL. MELLORA DOS ACCESOS AO PARQUE EMPRESARIAL DE TELLA (FASE 2), esa Alcadía acorda:***

*Delegar, por proposta da Interventora, a comprobación material do investimento no arquitecto técnico municipal Ernesto Fernando Calvo Pérez.*

*Que nas actas de recepción deberá constar expresamente a asistencia da Intervención municipal a través da persoa designada expresamente no apartado anterior.*



O día 10 de novembro fírmase, por parte da empresa adxudicataria e da Directora de obra (e tamén autora do Proxecto Ana López López), a Certificación única e relación valorada da obra.

**Así mesmo fírmase a Acta de recepción.**

O día 15 de novembro, Resolución 915/2022, esa Alcaldía acorda **recoñecer as obrigas e ordenar o pago da obra antedita.**

O mesmo día 15 de novembro, Resolución 918/2022, esa Alcaldía acorda:

Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

**Declarar cumprida a finalidade da subvención.**

O Proxecto de obra, firmado por Ana López López (o mesmo tempo Directora de obra), na páxina 10 específica:

**“ Se colocarán 2 bancos de madeira de 1,80 m (presuposto: 808€, colocación incluída) y 4 jardineras semi-esféricas en fundición de 1350 mm (presuposto: 1556€, colocación incluída) a lo largo de la traza, siguiendo las preferencias del concello”**

**“Se recolocarán las señales existentes, dotándolas de una altura mínima de 2,20 m, de manera que no obstaculicen la circulación de cualquier persona y permitan ser usados con la máxima comodidad, según lo dispuesto en el artículo 11 de la ley de Accesibilidad”.**

Así mesmo, na páxina 236 especifica: **“Una vez finalizada la obra, se deberán reponer las servidumbres de paso que hayan sido destruidas o afectadas durante la ejecución de la obra”**

Hai Rexistrado no Concello, dende días antes de rematarse a obra, un escrito dirixido á Alcaldía e á Directora de obras no que, entre outros, se solicita:

A **reposición da rampa do camino de acceso á Fonte-Lavadoiro de Canasteves con unha pendente acorde á normativa (10%).**

A **recolocación da sinal informativa “TELLA”, pegándoa ó muro da vivenda de modo que cumprindo co Proxecto e Normativas de Accesibilidade deixe máis espazo de paso na rampa de baixada.**

**A día de hoxe, coa obra rematada, recepcionada e paga, non hai rastro ningún nin dos bancos nin das xardineiras, nin nada do solicitado no punto anterior se fixo.**

## **MOCIÓN**

**Por todo o anterior, preséntanse para debate e aprobación en Pleno os seguintes acordos:**

**1º. Instar ó Sr. Alcalde a que non contribúa á sustracción ós veciños dos bens enumerados no apartado E.1, facendo cumprir o Proxecto polo que se pagou, e que ordene a colocación dos bancos e xardineiras.**

**2º. Instar á Alcaldía para que faga cumprir o Proxecto polo que se pagou e Normativas de Accesibilidade, e que ordene rectificar a rampa e recolocar a sinal, tal como ben indicado no apartado F).**

En Ponteceso, a 26 de novembro de 2022

Asinado.”

En primeiro lugar, sométese a votación a urxencia, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (1 G.M. do PP, 2 G.M. APIN e 6 non adscritos)

Abstencións: tres (3 do G.M. PsdeG-PSOE)

Votos en contra: ningún

Obtéñese a maioría absoluta esixida no artigo 83 en relación co artigo 91.4 do RD 2568/1986, polo que se ratifica a urxencia da moción.

O Sr. González Gómez pregunta onde están as cousas se están pagadas. Pasa en moitos sitios que as cousas que aparecen no proxecto non se poñen e os cartos non van para o Banco de España.

O Sr. García Cotelo di que tamén no campo do Cairo o enxeñeiro que recibiu a obra un ano despois di que hai deficiencias e agora na obra de Tella, recén inaugurada, tamén faltan cousas; polo tanto ou falla quen certifica ou falla quen paga. Vai ter que empezar a filtrar. Se quen paga non controla o que se certifica vai ter un problema grande. Debe darlle unha volta grande ao do campo do Cairo.

O Sr. González Gómez di que na rúa Mourelle a rede de sumidoiro ten 50 anos e estaba posta no proxecto e vai onde vai.

O alcalde di que a obra de mellora de accesos ao parque empresarial de Tella adxudicouse en tempo e forma, pero moito máis tarde do que quixeran. Recoñece que hai un escrito presentado por un particular e están estudando o tema. A normativa sobre accesibilidade hai que cumprila. O asunto do sinal de Tella están mirando que non se confunda o lugar coa parroquia. A fonte de Canastevés está perfectamente accesible e o resto de cousas non tiveron tempo material de facer a comprobación pero farase. Considera que a satisfacción dos veciños de Tella e dos usuarios do polígono é plena. A obra fíxose rápido, resolvendo un problema de pluviais cun tubo de 63. Funcionou moi ben esa recollida. Mañá farase unha visita á obra para comprobar o que comentan na moción e o do particular, pero a calidade da obra e da accesibilidade está conseguida. Respecto do Cairo, fixeron reiteradas notificacións á adxudicataria, sen éxito. Encargaron a unha enxeñeira eléctrica especializada a inspección da obra e detectou deficiencias no cadro eléctrico. Encargou un estudo, viron cal era o problema e adxudicaron a obra.

O Sr. González Gómez pregunta se sabe a quen mandou.

O alcalde di que o problema da ponte quedou resolto e funciona o alumeadado ao 100% agás un proxector.

A Sra. Pérez Imia pregunta se esa obra foi co extraxudicial e se estaba sen acabar de pagar.

O alcalde responde que estaba pagada. Tiveron que arranxar ese problema eléctrico porque así llo estaba pedindo o Corme.

O Sr. García Cotelo di que para certificar unha obra eléctrica o primeiro que hai que facer é unha toma de terra. Mostra unha foto e di que se ven as tomas de terra atornilladas á varandilla onde se apoia o público. Afirmo que se certificou a obra sen tomas de terra e o grupo electrógeno tamén tiña deficiencias. Como pode ser que agora o director de obra fale de deficiencias? Se agora o concello ten que pagar 20.000 euros, terá que reclamarllos á empresa adxudicataria. Se na obra de Tella faltan bancos e xardineiras, como se certifica e paga esa obra? O goberno está tendo problemas coas obras e eso tamén pasa por adxudicar con baixas temerarias como lle pasou co IDAE. Vaian mirando esas obras sen que o concello gaste nada.

O alcalde di que o goberno toma nota de todos os puntos da moción e do escrito do particular, cuxa maior demanda era o acceso á fonte de Canasteves. Respecto do campo de fútbol, parece que á oposición lle molesta que o concello resolva un problema. Os usuarios queixáronse da seguridade e por eso se contratou á enxeñeira, porque a adxudicataria non contestou aos requirimentos. Só queda solucionar o problema do grupo electrógeno máis o uso dos focos.

A Sra. Carrillo Aguiar di que se investiron 129.000 euros e a obra tiña unha garantía de 5 anos. Ten que instar ao contratista a reparar as deficiencias en vez de gastar máis cartos. Non entende como o director de obra detecta esas deficiencias un ano despois e non cando se recibe a obra. É vergoñento que teñan que ser os usuarios, que son a meirande parte nenos, os que reclamen que se arranxe. Considera que responsabilidade é da dirección de obra e a empresa, pero o alcalde non mirou nada polos usuarios do campo.

O Sr. Varela Vidal, concelleiro de APIN, abandona a sala de sesións ás 21 horas e 11 minutos.

O Sr. González Gómez pregunta se o alcalde se viste pola mañá antes de saír da casa. Eses 20.000 euros sabe onde se van meter? En cambiar un cable e meter un caseto gástanse eses cartos? Hai unha persoa que ten un problema co sumidoiro diante da casa e non se lle arranxa, e unha pista sen arranxar dende 2019 porque se lle di a esa persoa que ten que ir a pleno.

O alcalde di que mentres se lle reclama a garantía, e dado que a empresa non responde, e unha enxeñeira detecta un problema de seguridade, que vai facer o alcalde? Mirar para outro lado? Os mesmos que piden obras, cando se trae gasto corrente votan en contra, e o gasto corrente serve para isto. O primeiro que ten que facer un concelleiro é pedir o expediente e velo. O proxecto ten unha memoria. Hai 49 solicitudes de información de concelleiros, todas contestadas, a última no día de hoxe. O que lles fastidia é que o tripartito mobilizara 500.000 euros no campo do Pinguel...

O Sr. González Gómez di que as cousas hai que facelas antes de dar de alta a instalación.

O alcalde di que a seguridade dos usuarios do campo de Corme é prioritaria.

O Sr. Santiago Lema di que foi a oposición quen pediu as obras...

O alcalde dille que é un experto en economía, en pedir para el. Chámao á orde dúas veces por interromper. Di que tan mal non estarán xestionando cando dotaron de iluminación ao Cairo no tripartito.

A portavoz do PP di que a obra rematou no 2022 e o informe da dirección de obra foi no 2021.... Leva dous anos para requirirle á empresa que repare as deficiencias, se a empresa non responde ten que poñelo no xulgado. Unha obra certificada significa que está perfecta. Sabe que as deficiencias eran moito máis que un xenerador. En tres anos puido electrocutarse alguén. Tanto que pasea no coche, puido ir ao Cairo mirar eso. Afirmo que é unha negligencia pura e dura. Pregunta canto custa o informe desa enxeñeira eléctrica e se eso é xestión. Non lle importa nada a xente, nin un colector pon nin arranxa as arquetas en Nemeño. Agora ven adulando a APIN, para asociarse nas vindeiras eleccións?

O alcalde di que o Partido Popular estivo 22 anos gobernando en Ponteceso, tempo tivo que poñer o alumeado no Cairo. Marco era o concelleiro de deportes cando se fixo. Fíxose a acometida eléctrica, que non había, nin alumeado. Se hai xente á que lle molesta que se invista no Pinguel...

A Sra. Carrillo Aguiar insiste en que eso teñan que miralo o goberno e o director de obra cando se recibiron as obras.

O alcalde sinala que non poden dicir que só fixeron festas e non obras.

O Sr. González Gómez di que festas fixéronse todas agás as do Pilar. Pregunta se cre en Papá Noel ou nos Reis Magos. Se unha obra non está ben, non a certifique e non a pague. Ben sabe quen fixo a ponte, foi o raposo?

O alcalde di que bastante fai o concello, que ten unha oposición que bloquea calquera posibilidade de facer obras. Se sabe que alguén anda manipulando cadros eléctricos, ten que denunciálo.

O Sr. González Gómez responde que o alcalde debía saber quen o fixo porque foi el quen lle mandou.

O alcalde pregunta se está en contra das obras que se fixeron no Cairo do 2015 a esta parte. Parece que están en contra de que se mellore.

O Sr. Santiago Lema contesta por alusións: cando o veu buscar para ir na candidatura, no mitin en Brantuas, díxolle que ía dedicarlle tempo e traballo ao concello, pero a súa pensión non. Foron xantar co alcalde e con Ferreiro a Aqualada e díxéronlle que lle ían dar 600 euros ao mes para gastos. Non lle deron nada, foi todo a conta del. Pasa o tempo e ve que a interventora e o secretario cobran unhas produtividades astronómicas, e eles traballando sen cobrar nada. Como non lle aprobaron os 26.000 euros para eso fíxolles a porcallada da gravación. Pode meter a gravación enteira. Chámalle mentireiro e sabe a concelleira de Cores o que faláron.

O alcalde lémbrale que ten dúas chamadas á orde, agora deixe falar. Vaile dicir unhas palabras a ver se lle soan: "se queres tranquilidade xa sabes o que tes que facer."

O Sr. Pose Verdes pide por favor...

Sométese a votación a moción, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (2 G.M. do PP, 1 G.M. APIN e 6 non adscritos)

Votos en contra: ningún

Abstencións: tres (3 do G.M. PsdeG-PSOE)

Queda aprobada a moción.

## 5º. Rogos e preguntas

O Sr. García Cotelo pregunta se coa sentenza non está en vigor o ROM.

O alcalde comeza respondendo as preguntas formuladas pola **Sra. Carrillo Aguiar** na anterior sesión.

*1.- Pregunta sobre o polígono de Tella, sobre a súa ampliación: Cabe recordar que este o conseguiu facer o PP, nun momento en que parecía imposible que Ponteceso o conseguiría. Polígono que agora vostede tantas veces vendeu e vende na prensa, pero que estamos a ver como o SEPE invirte en moitos lugares menos en Ponteceso. Sr. Alcalde, parece ser que esa viaxe e fotos acompañado polo seu asesor persoal, o Sr. Ferreiro a Madrid, máis ben foi unha viaxe de pracer e non para conseguir a súa ampliación, porque os SEPES pouco hai que tramitar pois no Plan Xeral xa lle deixaron todo feito. Sinceramente, nunca crin que o SEPE fora invertir nun polígono de XESTUR, quizáis estea trabucada.... A pregunta é: en que quedou todo isto?*

Tivo unha reunión con Heriberto e respecto ao parque de Tella non hai previsión de ningún tipo. O goberno de España presentou unha proposta de ampliación, que se levou a pleno coa abstención do PP, e o goberno segue traballando para que aumenten as naves no polígono. En poucos días terán reunión con SEPES e SEA para conseguir a ampliación nunha segunda fase.

A Sra. Carrillo Aguiar di que o alcalde vendeu a bombo e platillo que a ampliación era inminente, con mentiras.

O alcalde di que dende 2016 empezou un traballo moi intenso para mobilizar terreos desocupados, aprobouse unha bonificación do 95% do ICIO, conseguíuse mobilizar 14 parcelas. Son o primeiro polígono en naves en aluguer con opción de compra, ao que hai que sumar o Plan Doeing Business da FEGAMP, e grazas á Deputación van seguir traendo cousas para Tella.

A portavoz do PP pregunta cantas empresas compran parcelas. Acusa ao alcalde de estar vendendo fume. Estando Laracha e Carballo, van vir as empresas para Ponteceso? Non ve tanto incremento en Tella. Pídelle concreción e que deixe de vender tonterías, porque a veciñanza merece a verdade.

O alcalde responde que o traballo feito entre 2015 e 2019 polo tripartito, máis o goberno actual, sen dedicación, que foi a Madrid sen pasar ningún gasto... Dálle a volta a 22 anos de parálise. O polígono non tiña fibra óptica e o primeiro que fixo foi reunirse cos empresarios e ésa foi unha das demandas. Tamén detectaron que os accesos eran moi mellorables.

A Sra. Carrillo Aguiar di que todas as actuacións foron financiadas pola Xunta.

O alcalde di que a súa obriga é crer e defender o seu concello, por eso conseguiron ser o primeiro polígono con naves en aluguer con opción a compra. 4 empresas instaláronse no polígono grazas a esta iniciativa e outras ampliaron a súa capacidade de produción. A Xunta non mostrou interese na ampliación do polígono de Tella, pero o goberno estatal sí.

A voceira popular lembra que o alcalde non fixo o polígono de Tella e agora bota contra a Xunta. Hai que ser soberbio e mentireiro. Vaílle cambiar o nome por Pinocho.

O Sr. Pose Verdes non entende como a secretaria non intervéñ porque levan unha hora con esa pregunta.

A secretaria aclara que ela non dirixe o debate.

O voceiro de APIN pide un receso.

O alcalde di que o fará cando remate de responder as preguntas.

*2.- Cando vostede gobernaba co Tripartito, non quixeron una subvención de 300.000 euros como si aceptou o Concello de Malpica e que así os veciños de Ponteceso poidesen contar cun Centro de Día. Vostede un alcalde socialista preferiu que o fixese una entidade privada e así os veciños de Ponteceso tivesen que pagar, amolandoos unha vez máis, gran logro pola súa parte. En que estado se atopa todo isto?*

O alcalde responde que non hai intención de facer unha residencia en Ponteceso.

A Sra. Carrillo Aguiar lembra que o dixo na prensa e tivo a opción de aceptar unha subvención, coma o Concello de Malpica, pero non quixo porque apostaba por un centro privado. Lembra que a Galiña Azul fíxoala o goberno do PP pero el non fixo nada.

O alcalde di que hai que ser serios e pregunta se está aberto o centro de día de Malpica. Lembra que a Galiña Azul non tiña illamento na cuberta, amañoouse, e con este goberno aumentouse nun 50% a matrícula do centro. Pídelle que poña o exemplo do centro de día de Cabana, que está aberto e recentemente ampliouse, pero ningún municipio coma Ponteceso pode poñerse a facer unha residencia e menos co nivel de débeda herdado.

A voceira do PP di que o alcalde para un auditorio sí tiña cartos. Afirmar que o centro de día de Malpica quedou paralizado por un alcalde socialista. Cos 300.000 euros de subvención da Xunta podía empezar algo coma o de Cabana. O SAF funcionaba moi ben e licitouno de malas maneiras e ten que ser outra institución a que se preocupe.

*3.- Algunha vez ten pensado traer o Orzamento do 2023 ao Pleno, ou vai ser Ponteceso o único concello de Galicia que leva 3 anos cos orzamentos prorrogados? Por certo, un orzamento irreal e ficticio que obtivo 8 votos favorables.*

O alcalde responde que o goberno atópase en minoría e funciona con orzamento prorrogado. Agarda que en maio saia unha maioría suficiente para aprobar un orzamento.

A Sra. Carrillo Aguiar pregunta se teñen algunha culpa os veciños de Ponteceso de que o alcalde acabase coa maioría que tiña.

O alcalde di que lle doe moito que fale de orzamentos inflados, porque se estivera inflado pasaría o mesmo que pasou os últimos dez anos que gobernou o PP en Ponteceso. Levan sete anos coas taxas e impostos conxelados á veciñanza. En calquera caso, se o PP se ofrece a chegar a acordos co goberno, eles teñen a man tendida.

A voceira do PP di que os datos teñen que ir certificados pola Interventora, non lles valen os datos do alcalde. Sabe que non vai ser alcalde, tiña unha maioría e botounos fóra.

O alcalde di que tanto a liquidación como a conta xeral son documentos técnicos elaborados pola Intervención, non son os datos do alcalde. Nesas cifras están todos os indicadores económicos do concello. Igual que cando chegaron a débeda en préstamos bancarios e facturas pendentes era elevada, e a pesares diso conseguiron endereitar as contas e en dous anos ser o goberno máis inversor en Ponteceso.

A Sra. Carrillo Aguiar di que a seguinte pregunta era a cuarta e casualmente hoxe a Sra. Interventora atópase mal e non vén.

*4.- Podería a Sra. Interventora certificar a débeda que deixou o PP ?*

O alcalde responde que o goberno anterior tiña un millón de euros en préstamo nunha entidade e 1.800.000 euros en facturas.

O Sr. Pose Verdes sae da sala de sesións sendo as 22 horas e 9 minutos.

A voceira do PP di que o SAF licitouse temerariamente.

*5.- Podería explicarnos que fan os vehículos de Protección Civil e Emerxencias na porta da casa de xente particular, están a darlle uso particular?*

O alcalde responde que atenden as emerxencias, a última vez un accidente en Brantuas, foi protección civil a primeira en chegar. Tamén se fai un traballo importante en prevención. Lembra que o alcalde é o máximo responsable de protección civil.

A Sra. Carrillo Aguiar dille que responda á pregunta.

O alcalde dille que está respondendo con ese accidente en Brantuas.

A concelleira do PP di que eses vehículos teñen que estar nas dependencias municipais, non en casas particulares nin ir de viños. O alcalde é o responsable do mal uso que se fai dos vehículos, que tamén teñen que estar a disposición do GES.

O alcalde afirma que non só está satisfeito co traballo de Protección Civil, tamén está moi agradecido.

Regresa ao salón de plenos o Sr. Pose Veres, ás 22 horas a 15 minutos.

A Sra. Carrillo Aguiar aclara que non se está metendo con Protección Civil, senón co mal uso dos vehículos. A zodiac terá que estar para socorristas e GES, non para Protección Civil.

O alcalde di que ata que se conseguiu unha cama para a moto, fá un voluntario de Protección Civil. Afirma que é o servizo que mellor funciona do concello, incluso de fóra do concello veñen pedir axuda de Protección Civil.

A concelleira do PP pregunta se a persoa que conducía a moto de auga estaba preparada.

#### *SOBRE O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR*

*8.- Como é posible que contraten o Servizo de Axuda no Fogar por un ano, cando foi estimado o recurso interposto ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade de Galicia por unha das empresas participantes na licitación? Non sería mellor agardar a sentenza e poder licitar por máis tempo? Según vostede, fai dous plenos querían agardar a contestación TS de Contratación, poderían esperar a contestación da outra parte da demanda.*

*9.- Onde se xustifica o equipo de traballo de auxiliares para facer substitucións, etc..?*

*10.- En que beneficia que as coordinadoras dispoñan de vehículos para desprazarse, si as que realizan o traballo no SAF son as auxiliares?*

*11.- De que xeito beneficia ao Servizo de Axuda no Fogar en Ponteceso que esta empresa SÓ conte con tres traballadoras sociais e unha administrativa cando teñen que xestionar o servizo de outros catro concellos concellos? Soncoñecedoras estas coordinadoras do territorio do Concello de Ponteceso para poder distribuír ás auxiliares en domicilios cercanos e non as fagan desprazarse dunha punta a outra aos domicilios?*

*12.- Si a empresa non achega contratos de traballo do persoal do SAF no Concello de Cabana o que presta servizo a empresa licitadora, como podemos saber si conta con persoal real e cualificado para cubrir baixas e resolver calquera incidencia no servizo de Ponteceso?*

*13.- Con respecto ao aforro mínimo, acaso non se lle vai entregar por escrito aos usuarios do SAF o contrato?*

*- Vai pagar a empresa a formación esixida as traballadoras?*

*14.- Onde se especifica o prezo da hora traballada por festivo? Van facer traballar as auxiliares en festivos a prezo ordinario?*

*15.- Vai haber local físico da empresa ou van seguir atendendo as auxiliares no Melga e cobrando por tal alugueiro?*

*16.- Onde está calculado o pago da antigüidade das auxiliares?*

*17.- De que EPIS se basea ese cálculo? En guantes de látex, nitrilo... en uniformes? Só de guantes, o uso de uniformes, máscaras e equipo COVID?*

*18.- Vaise asegurar que antes de entregar diñeiro a empresa que as traballadoras estean o corrente de pago nómina, atrasos, IPC ...?*

O alcalde aproveita para apoiar as demandas das traballadoras polo convenio e tamén agradece o apoio da Xunta de Galicia polo ciclo formativo sanitario. Aínda que o servizo está externalizado,

ofrécese a organizar as reunións entre as auxiliares e a empresa para a mellora do servizo. Hoxe empezou un grupo de traballo para o recoñecemento de competencias profesionais.

A concelleira do PP pregunta se se molestou en saber como está o SAF. Están mal grazas á licitación do alcalde. Cando o servizo está no xulgado non é lóxico licitar por un ano. Houbo usuarios que nos primeiros meses non recibiron a atención necesaria.

O alcalde sinala que recibiu unha solicitude da representante das traballadoras e forzou unha reunión entre a empresa saínte e a representante das traballadoras e desa reunión saíu un acordo entre traballadoras e empresa. En todos os concellos da Costa da Morte houbo mobilizacións polo convenio, a última o 25N na praza do Recheo. Indica que se dedicou o Plan Social da Deputación á mellora do servizo.

A Sra. Carrillo Aguiar di que en novembro do ano pasado a representante das traballadoras estivo e tardou meses en conseguir reunirse co concello. Botáranlle abaixo a modificación de crédito para o incremento do prezo/hora do SAF, sustentado nas mentiras da empresa e do alcalde. Denuncia que non se están a cumprir as melloras técnicas nin se atende ben aos usuarios.

O alcalde di que controlan o servizo a diario e se antes a mala era a outra empresa, agora é a nova.

6.- Sr. Alcalde, o día da Festa da Barquiña, un fotógrafo presentouse ante a Banda Municipal dicindo que este era o fotógrafo oficial do Alcalde de Ponteceso. Podería explicar quen é ese fotógrafo e si está en plantilla municipal?

O alcalde responde que non se nomeou ningún fotógrafo para a festa.

A concelleira do PP pregunta se hai algún fotógrafo en plantilla.

O alcalde responde que a plantilla está publicada como anexo ao orzamento.

*7.- En Pazos de Abaixo, fai un ano que por mor dunha rotura nunha tubaxe de auga está a estragar o asfalto dunha pista municipal. O Sr. Alcalde dille aos veciños que para arranxar ese desperfecto (trátase dunha obra menor) depende da oposición que non lle deixamos gastar, nembargantes, si pode gastar en festas, publicidade, fotografías... sen permiso da opsiación. Cando ten pensado arranxar este problema que foi pedido fai polo menos un ano?*

O alcalde responde que a rede de auga municipal é competencia do concello, pero non unha traída municipal. Hoxe mesmo mandou a Ethel Vázquez unha solicitude, cunha auditoría valorada en 2 millóns de euros.

A concelleira do PP di que se está estragando unha pista e tería que avisar ao dono ou cegar esa tubaxe, xunta a cooperativa de Pazos. Sabe perfectamente de que fala pero faise o tolo.

O alcalde dille que levan unha hora cun debate coas preguntas do SAF e hai máis concelleiros e máis preguntas. Pasa a responder as restantes.

**O Sr. Eiroa Ameijenda** preguntou polas axudas da Deputación para organizar as festas patronais, por causa da pandemia. O alcalde responde que a Deputación decidiu sacar unha subvención chamada "PEL orquestras" e decidiuse pagar unha orquestra das festas da Barquiña. Para o ano que vén se gobernan pagarase unha orquestra en Corme, por orde de poboación, e a seguinte será Corme-Porto.

O Sr. Eiroa Ameijenda pregunta que lle deron ás demais, ou falou con alguén. Dille que conteste si ou non.

O alcalde di que a seguinte pregunta era canto cobra por enterro.



O Sr. Eiroa Ameijenda di que lle conteste si ou non.

O alcalde chámalo á orde dúas veces. Di que nesa pregunta tan absurda...

O Sr. Eiroa Ameijenda interrompe de novo ao Sr. alcalde e este pídlle que abandone o pleno.

O Sr. Santiago Lema pide que conste en acta...

O alcalde dille que está el no uso da palabra. Pregunta quen lle paga a un alcalde por asistir a un enterro. A pregunta é absolutamente difamatoria. Tamén preguntaron se o alcalde se beneficiaba da telefonía municipal. Afirmo que o teléfono págao el e non ten nada que ver coa telefonía do concello. Concede un pequeno receso duns minutos, a petición do Sr. Pose Verdes.

Reanúdase a sesión coa pregunta do **Sr. García Cotelo**: quen é o funcionario responsable da sede electrónica do Concello de Ponteceso, porque dende o 11/07/2022 non se lle contestou e foi antes da xudicialización o tema. Pídlle que cando lle mande a documentación ao xulgado, lle mande unha copia a el tamén.

O alcalde responde que houbo 49 solicitudes de información que se contestaron. Ao carecer de RPT, di que ningún funcionario ten entre as súas funcións ser responsable da sede electrónica.

O alcalde responde as preguntas formuladas pola **Sra. Fondo Pérez**:

*1ª. Cando vai arranxar a pista dos Seixos?*

O alcalde di que esa pista quedou a satisfacción da veciñanza e nese caso terán que sancionar ao dono da traída, pois o concello non toca as traídas particulares.

A concelleira non adscrita di que esa pista acaban de facela e aos dous días xa tiña auga.

O alcalde pregúntalle de quen é a traída.

A concelleira responde que non é fontaneira.

*2ª. Na estrada xeral onde a casa de Evangelina hai dous boquetes que levan non menos de 2-4 meses e están sen arranxar. Non se entera porque non ten concelleiro en Tella.*

O alcalde di que a Sra. Raquel Fondo sempre que tivo ocasión votou en contra das obras e agora que vén o POS 2023 ten ocasión de cambiar.

A concelleira interrompe e o alcalde chámalo á orde por primeira vez.

A Sra. Fondo Pérez afirma que do que se arrepite é de ir na lista con el.

O alcalde chámalo á orde por segunda vez e dille que para arranxar eso hai que chamar a alguén e pagarlle, por eso non se pode dedicar a bloquear fondos e despois pedir obras. Dille que exercite a capacidade de escoitar máis que a de falar e prégalle que facilite a entrada de recursos nas arcas municipais, non como fixo no 2021 e no 2022. Anuncia que hoxe mesmo chegou unha circular da Deputación de aprobación da primeira fase do abastecemento a Langueirón.

A concelleira non adscrita recoméndalle que cando veña o POS destine todos os fondos a investimentos.

O Sr. Santiago Lema engade "e consensuados con todos".

O alcalde dilles que se rompen unhas arquetas hai que arranxalas con gasto corrente, non poden agardar ano e medio a metelo noutro POS para arranxalas.

O Sr. González Gómez dille que eso chámase mantemento e o concello ten xente abonda para facelo.

O alcalde pídelles coherencia.

O Sr. García Cotelo pregunta como se pagan a festa das fabas ou o alumeado de Nadal.

O alcalde chámalle á orde por interromper.

O Sr. García Cotelo responde: "correcto, señor presidente."

O alcalde volve a chamalo á orde por segunda vez.

O Sr. García Cotelo volve a responder: "correcto, señor presidente."

A Sra. Fondo Pérez tamén intervén e o alcalde chámaa á orde por segunda vez. Lembra que os concelleiros non adscritos votaron en contra do POS e de pagar facturas provedores. Ata que chegou o goberno de España cun plan de pagos non cobraron os autónomos de Ponteceso. Ese foi o día máis triste para os non adscritos.

O Sr. Pose Verdes sinala que tiña preguntas do pleno anterior sobre o PMP, que pasou de 28 días a 315 días.

O alcalde di que o PMP vese afectado pola existencia de facturas do ano anterior, que non foron pagadas ata o plan de pago a provedores. Na última semana houbo plenos na Costa da Morte con recoñecementos extraxudiciais de crédito por importes elevados. Agora están pagando bastante rápido e agardan que o PMP baixe.

O voceiro de APIN di que eses 500.000 euros en facturas xa se pagaron e o PMP segue sen baixar. Pregunta polo gasto en letrados.

O alcalde responde que no 2015 atoparon unha débeda superior aos 100.000 euros en facturas de letrados. Conseguiron anular un contrato mensual e unha quita de máis de 50.000 euros co concello e dende entón todo o que se pode mandar, mándase á asesoría xurídica da Deputación. Agás na orde social, que non poden acudir á Deputación. Lembra que están con orzamentos prorrogados, e como os salarios do persoal e as subministracións subiron, teñen que axustarse ao que hai. Aclara que as facturas de letrados figuran nas resolucións e teñen acceso.

O Sr. Pose Verdes sinala que nos últimos pagos aparecen facturas dun despacho de avogados de As Pontes, Meizoso Avogados, por informes externos, en vez de pedir informe á Secretaría, Intervención ou ese técnico A1 que subiu aos ceos.

O alcalde afirma que o concello gasta con eficiencia, pero a litixiosidade é alta e entran reclamacións de todo tipo.

O voceiro de APIN di que o parou unha rapaza de 14 anos e preguntoulle porque non houbo festas da Pilarica. Lembra que hai 50 anos un comandante da Garda Civil decidiu que a festa se fixera no Recheo e os veciños loitaron para que volvera para A Trabe. Pregunta cal foi o motivo da non autorización da festa da Pilarica.

O alcalde responde que o motivo foi a ausencia dunha comisión veciñal que organizara as festas, e por desgraza non foi a única parroquia que quedou sen festas por ese motivo, por eso anima a todas as parroquias a formar unha comisión de festas. Non entra en guerras comerciais entre

axentes pero considera que as festas tradicionais non se poden corromper por intereses comerciais. Dende o concello coidan ás comisións de festas.

O Sr. Pose Verdes di que as persoas que solicitaron autorización cumprían todos os requisitos e lembra que o ano pasado unha empresa fixo unha festa na Trabe, na que colaborou o concello, e había que pagar para entrar. Considera que o alcalde non pode pasarse de frenada e dicir “por mis cojones non se fai a festa do Pilar”.

O alcalde di que había dúas solicitudes de axentes para facer a festa o mesmo día e á mesma hora: Pode permitir que veñan dous axentes facer negocio?

O Sr. González Gómez di que unha empresa tiña toda a documentación e outra non.

O alcalde chámalo á orde por dúas veces, ao interropelo na contestación á pregunta de APIN, que lle alegra que lla faga. Explica que se ao concello chega unha solicitude para organizar un evento que pode axudar ao sector das orquestras non lle vai dicir que non, e lembra que se lle cobrou unha taxa en aplicación da ordenanza.

O Sr. Pose Verdes di que non houbo ningunha resolución e non se lle cobrou nada.

O alcalde dille que pode consultar a liquidación na Tesouraría e reitera que apoia a todas as comisións populares.

O Sr. Pose Verdes di que está dacordo en que sexa unha comisión, pero se ven unha empresa facer unha festa que non hai, que legalidade esgrime o alcalde para denegar?

O alcalde reitera que se coinciden dous promotores o mesmo día e no mesmo lugar, non ten unha ordenanza para regular ese caso. Se unha empresa instala unha carpa nun espazo público pensando que así vai doblegar ao concello, está moi equivocada. Agarda que volvan as festas coma en anos anteriores, con orquestras como a París de Noia ou a panorama, e o concello vai estar apoiando.

O voceiro de APIN di que un veciño recibiu o 24 deste mes unha comunicación asinada polo alcalde na que se lle avisa de que lle van facer unha inspección no seu domicilio, que ao mesmo tempo é a sede da súa empresa, sen que se lle informe se hai algún expediente aberto. Pregunta en base a que o arquitecto municipal fai unha inspección e di que parece mentira que se poda chegar a estes extremos.

O alcalde sinala que o concello está a favor de que se instalen empresas no municipio, pero se está afirmando que o alcalde motu proprio dediciu investigar a unha empresa, eso non é certo. O que fai o goberno é tramitar expedientes e cando un expediente chega á Alcaldía hai trámites previos. Pode pedir o expediente e consúltalo. Se o alcalde paraliza un expediente en trámite, eso ten un nome.

O Sr. Pose Verdes non entende que ten que ver un arquitecto técnico cunha actividade e sinala que recibir unha comunicación dese tipo en pleno século XXI soa fatal.

O alcalde explica que ten que asinar resolucións para facer cumprir a normativa, non pode deixar se asinala e indica que se trata dun expediente de inspección dunha actividade.

O voceiro de APIN pide ver ese expediente.

O alcalde dille que ten que solicitar acceso ao expediente e con total transparencia poderá velo e comprobar se existe algunha irregularidade. Explica que nas actividades non hai atallos e se unha actividade se implanta nun local ten que haber unha memoria...

O Sr. García Cotelo mostra a súa sorpresa polo que sabe o alcalde de actividades agora.

O alcalde aclara que as actividades se conceden coa licenza urbanística de obra, non van separadas.

O Sr. Pose Verdes pregunta se esta persoa solicitou algo.

O Sr. García Cotelo responde que non.

O Sr. Pose Verdes sinala que, segundo lle explicou, esta persoa ten a razón social aquí pero as actividades están noutros municipios.

O alcalde pregunta se agora Ponteceso son As Bahamas ou a illa de Man.

O Sr. Santiago Lema di “que asco”.

O alcalde pídlle que retire o que acaba de dicir ou ten que abandonar o pleno.

O concelleiro non adscrito di que non a retira porque lle dá noxo que estea representando ao Concello de Ponteceso el e as que ten a carón.

O alcalde pídlle á Policía Local que acompañe ao concelleiro fóra do salón de plenos.

O Sr. Pose Verdes pregunta que pasa ás 12 da noite.

A secretaria advirte que a esa hora debe levantarse a sesión polo principio de unidade de acto, agás que na convocatoria se contemple outra previsión de aquí en diante.

O alcalde insiste en que se retire da acta a expresión “que asco” e “dasme asco ti e as que tes de lado”.

O voceiro de APIN di que estivo 4 anos no goberno e non houbo cousas tan raras como as que se fan agora. Pregunta polos parques infantís, posto que aparece unha factura de 2.700 euros e tamén se paga a unha empresa polo seu mantemento.

O alcalde contesta que, como sabe porque está publicado no perfil do contratante, hai parques non incluídos no contrato. No parque do Couto o concello puxo a madeira e un veciño ofreceuse a poñer o traballo, e na factura do parque da Ermida lixouse e botáronse capas de Lasur. Aparecen todas as pezas de madeira que se substituíron.

O Sr. Pose Verdes di que foron catro táboas, unos 20 euros. Pregunta ao alcalde se foi alí.

O alcalde reitera que foron lixadas e botouse Lasur.

O voceiro de APIN pregunta porque nos debroces se gastaron 93.000 euros este cando cando se sacou unha licitación en marzo, botouna atrás porque non chegaban os cartos e despois fíxose con menos cartos e por 3 anos. Adxudicouse fai pouco e a empresa estivo facendo uns traballos, pregunta para quen traballaba o tractor e o empregado municipal.

O alcalde di que o concello iniciou os trámites de licitación e mentras se estaba adxudicando entraron moitísimas demandas de veciños para a limpeza de espazos públicos. Tamén se fixo unha limpeza do malecón.

O Sr. Pose Verdes pregunta como se pagan todas esas facturas de máis de 15.000 euros.

O alcalde sinala que o interese do concello sempre é licitar en procedemento aberto e adxudicar o antes posible. Hoxe mesmo a oposición pediu o expediente de actualización do inventario.

O voceiro de APIN di que sempre pode pedirlle informe a ese avogado de As Pontes.

O Sr. González Gómez pregunta se hai algunha empresa con ánimo de lucro que estea utilizando instalacións municipais. Mañá dille onde é.

Non habendo máis asuntos a tratar, o alcalde levanta a sesión sendo ás 23 horas e 59 minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, de todo o que dou fe, como secretaria, asinándoa xunto co Sr. Alcalde.

O Alcalde-Presidente

A secretaria en réxime de acumulación

Xosé Lois García Carballido.

M.<sup>a</sup>. Cristina Varela García